

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 28 de xullo de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"5.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS E COMERCIANTES PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA 2025"

Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/05/2025 foron aprobadas as bases reguladoras da convocatoria de subvencións a asociacións de empresarios e comerciantes para actividades de promoción económica durante o ano 2025.

Segundo se establece na Base 11 da convocatoria, a concesión das subvencións para actividades de promoción económica realizarase "logo da proposta motivada da Comisión Avaliadora correspondente".

Ás 13.00 h. do día 17 de xullo reuniuse a Comisión Avaliadora da Convocatoria de Subvencións para actividades de promoción económica, nomeada por decreto de Alcaldía nº 2002/2025, de data 14 de xullo, e integrada por Xosé Regueira Varela, concelleiro da Área de Promoción Económica; Maite Parga Ures, Técnica de Turismo; Paula Lema Pena, Técnica de Promoción Económica; e Susana Mariño Lorenzo, como secretaria.

Fundamentos xurídicos:

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Ordenanza xeral de subvencións do concello de Carballo.

Por iso, a Xunta de Goberno Local en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 632/2025, do 26 de febreiro (BOP núm. 46 do 10/03/2025), por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión das subvencións que se relacionan a continuación ás asociacións de empresarios e comerciantes para actividades de promoción económica durante o ano 2025, segundo proposta da Comisión Avaliadora por un importe total de 65.845,54 euros. O gasto irá con cargo á partida 4310/48900 "Subvencións entidades empresariais" do Orzamento Municipal para 2025.

ENTIDADE	OBXECTO	Importe da subvención	Coefficiente de financiamento	Presuposto que se ten que xustificar
Centro Comercial Aberto Carballo	Unidade xerencial Promoción e animación comercial	30.000,00 €	0.8	37.500,00 €
Asociación de Xóvenes Empresarios de Bergantiños AXOBER	Actividades de difusión, formación, promoción e apoio ao tecido empresarial local, Berocasión e Axober Work Party	30.000,00 €	0.8	37.500,00 €
Asociación As Eiroas de Empresarios e Propietarios do Polígono de Bértoa	Proxecto "Impulsando a empregabilidade desde o Polígono de Carballo"	5.845,54 €	0.8	7.306,93 €

Segundo.- Conceder ao Centro Comercial Aberto Carballo e á Asociación de Xóvenes Empresarios de Bergantiños (Axober) autorización para concertar a execución das actividades

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000015

obxecto de subvención con empresas vinculadas ás entidades, tal e como solicitan, por concorrer as circunstancias previstas no artigo 29.7.d) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Terceiro.- Notificar esta resolución ás entidades beneficiarias, que deberán presentar a documentación xustificativa establecida na Base 16.3 da convocatoria. O prazo de xustificación rematará o día 15 de novembro de 2025."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.
O alcalde